



QUEGUAS-FECHA DO FRAGÓN

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 8 km (ida e volta)
Dificultade: media-alta
Duración: 4 horas



Feixa do Fragón



Unha ruta que segue o curso do río da Montaña e o seu afluente Corga das Rozadas, que baixan dos cumes do Lebreiro nunha serie continuada de rápidos e pequenos saltos. No contorno consérvase unha boa vexetación de ribeira, matogueiras e reboleiras.

Os saltos máis destacados atópanse na Corga das Rozadas e no seu afluente Corga do Fragón.

COMO CHEGAR: desde as últimas casas de Queguas cóllese un camino á dereita que nos leva ata unha pontella de pedra onde conflúen a Corga das Rozadas e o río da Montaña. Pásase a ponte e remóntase o río pola marxe esquerda. Enseguida se atopan un par de pequenas fervezas.

Para achegarnos á Feixa do Fragón remóntase o río pola liña dos cumes da Fandía, por onde se poida, ata chegar preto do cume máis alto e desde alí baixamos a uns penedos desde onde se ve a ferveza.



Corga das Rozadas